



REGULAMENTO XI CARRERA POPULAR ORTIGUEIRA 2025. (5KM -10KM e ANDAINA).

A Peña Ciclista Santa Marta en colaboración co Concello de Ortigueira, organizan a XI edición da Carreira popular o Domingo 3 de agosto de 2025 a partir das 09:30 horas, con saída e meta nos Xardíns do Malecón. Haberá probas para nenos e proba absoluta que contará con dúas distancias, 5km e 10km. Paralelamente a esta proba terá lugar unha ANDAINA polo Sendeiro litoral- Cabalar- Morouzos - Praia , de 12Km aproximadamente.

HORARIOS:

- 09.30 h Saída Andaina
- 10:15 h Saída carreiras de 5km, 10km
- 11:40 h Saída Carreira Sub 14 (nenos e nenas de 12-13 anos). 1,5 km
- 11:55 Saída Carreira Sub 12 (nenos e nenas de 10 -11 anos).1km
- 12:10h Saída Carreira Sub 10 (nenos e nenas de 8-9 anos).500mts
- 12:20h Saída Carreira pequenos (7 ou menos anos)
- 12:40 Entrega de premios

LUGAR DE SAÍDA E META:

Xardíns do Malecón.

CATEGORIAS:

1- Carreiras de 5km e 10km:

- Sub 18: (de 14 a 17 anos , nacidos dende o ano 2011 ao 2008) Homes e Mulleres
- Senior : (de 18 a 35 anos, nacidos dende o ano 2007 ata o ano 1990) Homes e Mulleres
- Master 1: (de 36 a 49 anos, nacidos dende o ano 1989 ata o ano 1976) Homes e Mulleres
- Master 2: (de 50 a 59, nacidos dende o ano 1975 e ata o 1966) Homes e Mulleres
- Master 3: (de 60 o + anos, nacidos no ano 1965 ou anteriores) Homes e Mulleres

2- Carreiras de menores :

- Sub 8 : (7 ou menos anos, nacidos no ano 2018 e posteriores). Homes e Mulleres
- Sub 10:(de 8 a 9 anos, nacidos nos anos 2017 e 2016). Homes e Mulleres
- Sub 12: (de 10 a 11 anos, nacidos nos anos 2015, 2014). Homes e Mulleres
- Sub 14: (de 12 a 13 anos, nacidos nos anos 2013, 2012). Homes e Mulleres

INSCRICIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS:

- As inscricións faranse exclusivamente na páxina web, <https://www.galitiming.com>
- Estarán limitadas inicialmente a 400 participantes no cómputo de todas as categorías así como na ANDAINA.
- Poderán tomar parte nas diferentes probas todas aquelas persoas interesadas que debidamente se inscriban nas mesmas.
- Para os participantes das Carreiras de menores (categorías SUB 8, SUB 10, SUB 12 e SUB 14), nenos e nenas de 13 anos ou menos, a inscrición será GRATUITA.
- O custo de inscrición para os participantes nas probas de 5km, 10km e Andaina será de 5 EUROS ata o 15 de Xullo, e 7 euros despois de dita data. Unha vez realizada a inscrición non se fará devolución de ningún importe. A plataforma de inscrición cobrará 0,50 euros en concepto de gastos de xestión de inscrición.
- A data tope de recepción de inscricións será o xoves 1 de agosto, ás 23.59 horas non admitíndose baixo ningún concepto ningunha inscrición posterior a devandita data, nin por suposto o mesmo día da competición.
- Recollida de dorsais : Na Carpa na Alameda o Sábado día 2 en horario de 11:00 h a 13:30 horas e de 17:00 h a 20:00 horas. O mesmo día da proba nos Xardíns do Malecón ata media hora antes do inicio de cada competición. Recoméndase a retirada do dorsal o día antes da proba, e chegar con antelación suficiente para evitar colas de última hora o día da proba. Para a retirada do dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o mesmo, con calquera dos seguintes documentos oficiais: Maiores de 14 anos: DNI, ou outro documento oficial, os/as menores de 14 anos: DNI ou libro de familia e do DNI do pai/nai/titor/a.

PERCORRIDOS:

- Nas probas está prohibido acompañar a pé, en patinete, bicicleta, moto, ou calquer outro medio de locomoción, aos participantes por parte de persoas alleas á organización da proba. As persoas participantes deberán ser autónomas na realización do percorrido.


AVITUALLAMENTO:

Haberá avituallamento na meta (Xardíns do Malecón) para tódolos participantes das probas de menores, 5KM, 10KM e ANDAINA.

CIRCUÍTO A (PROBA DE 5KM E 10KM) .

PERCORRIDO DE 5KM: Malecón Alameda- Calle Luciano Pita- Cantón- Salgueiro- Rúa Cedeira- Curuxeira- Praza Igrexa, Rúa da Soidade, Facenda, Rúa Constitución(IES), Travesía Constitución, Curuxeira(direcc. Lavadoiros), Rúa Reverendo Marquez Cortiñas, CEIP, Rúa Vía Feve, Carreiteira da Praia, Pazo Brandariz, Residencia Díaz de Dávila, Curuxeira, IES, Travesía Constitución, Marcultura, Paseo Barrosoto, Porto, Xardíns Malecón.

PERCORRIDO DE 10KM: 2 VOLTAS AO CIRCUITO A.



CIRCUÍTO B (SUB 10, SUB 12 e SUB 14)

- Distancia: 500 metros aprox.
- Percorrido: Volta Xardíns do Malecón.
- Categoría SUB 10 , 1 volta Circuito . 500 MTS.
- Categoría SUB 12, 2 Voltas Circuito. 1000 MTS.
- Categoría SUB 14, 3 Voltas Circuito. 1500 MTS.



CIRCUÍTO C (SUB 8, ano 2017 e posteriores)

- Distancia: 150 metros aprox
- Percorrido: Recta Xardíns do Malecón



CIRCUITO D (ANDAINA):

Percorrido: 12KM APROX: Xardíns Malecón- Paseo Barro Soto- Rúa do Mourón- Travesía Constitución- Rúa Curuxeira- Circunvalación- Cabalar- Dunas- Praia Morouzos- San Martiño- A Carmona- Carretera da Praia- CEIP- Pedro Castiñeiras- Rúa Curuxeira- Travesía Constitución- Rúa do Mourón- Paseo Barro Soto- Xardíns Alameda.



CONTROL DE CHEGADA: A cronometraxe correrá a cargo da Empresa GALITIMING.

TROFEOS E PREMIOS:

- Recibirán trofeo os 3 primeiros atletas absolutos clasificados das probas de 5km e 10 km, tanto en Homes como Mulleres
- Recibirán trofeo os primeiros atletas clasificados de cada unha das categorías estipuladas para as probas de 5km e 10Km, tanto en Homes como en Mulleres, os segundos e terceiros levarán medalla.
- Os premios das probas anteriores non son acumulativos, prevalecendo a clasificación xeral sobre as categorías.
- Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados en cada unha das categorías de menores (SUB 10, SUB 12 E SUB 14) tanto en Homes como en Mulleres
- Todos os participantes nas probas de menores, SUB 8 (nacidos no ano 2017 e posteriores) recibirán unha medalla conmemorativa. Ao ser unha proba non competitiva, non haberá clasificación nin trofeos.
- Poderase esixir o DNI para a entrega de trofeos
- Farase entrega dos mesmos según o plan establecido
- Os gañadores dos trofeos deberán estar presentes na entrega dos mesmos

- Os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega poderán perder o dereito para recollelo. Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada deberán poñer en contacto coa Peña Ciclista Santa Marta nos teléfonos 609828741 e 610885324, nun prazo máximo de 15 días desde a realización da carreira, para acordar a entrega posterior do premio. Cumprido o dito prazo perderán o dereito a recollelo.

CONDICIÓN XERAIS:

- A organización da proba resérvase o dereito de modificar o percorrido por causas de forza maior, así como de aprazar ou suspender a organización dalgunha proba, sen que exista dereito a reclamar ningunha compensación.
- A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, así como das negligencias ou imprudencias que poidan cometer durante o seu transcurso.
- Todas as persoas participantes declaran expresamente non sufrir ningún problema de saúde que lle impida a práctica deportiva e a disputa desta carreira.
- A organización resérvase o dereito de admisión de aquelas persoas inhabilitadas ou imputadas por causas que afecten ao espírito deportivo da proba (doping, violencia...) .
- Dado o carácter deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións, esperando o mellor espírito e comportamento deportivo de todos os participantes. A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellan. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da mesma, sendo as súas decisións inapelables. A participación leva a total aceptación do regulamento desta proba.
- O atleta terá a obriga de levar o dorsal claramente visible na camiseta de competición no momento de disputa da carreira.
- Soamente se permite aos membros da organización a utilización de vehículos para o seguimento da proba.
- A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como ambulancia.
- A proba contará co apoio do GES e Policía Local de Ortigueira, así como de voluntarios de diversas entidades do Concello.
- Facilitarase servizo de duchas, que estarán situadas na Piscina Municipal.
- Os resultados publicaranse nun lugar visible que se indicará o longo do desenrolo da proba e a posteriori na web de GALITIMING, así como nas distintas webs de ámbito deportivo que así o estimen oportuno

DESCALIFICACIÓNS:

A descalificación dun/ha atleta na proba pode ser polos seguintes motivos:

- Por deterioración física do/a atleta. Nestes casos a decisión será tomada pola organización da proba a instancias dos servizos médicos dela, e a súa decisión será inapelable.
- Non levar o dorsal colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na meta.
- Non atender as indicacións da organización ou xuíces.
- Entrar fóra do control, previamente establecido, ou non realizar o percorrido completo.
- Non inscribirse na proba.
- Correr ou sobrepasar ao Guía na ANDAINA.
- Correr co dorsal ou chip doutra persoa ou con máis dun dorsal ou chip. Serán descalificadas ambas as persoas.
- Por condutas antideportivas.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.